Dende o mes do outubro, un equipo externo independente está asesorando a unidade na implantación de estratexias tendentes a mellorar todos os ámbitos de actuación, entre as que se inclúen medidas para optimizar os sistemas de traballo, promover a motivación do persoal, impulsar a capacidade de investigación e o desenvolvemento, manter a máxima satisfacción dos usuarios e facer desta unidade un lugar atractivo de traballo ata situalo como primeiro centro de elección para os profesionais a nivel estatal.

Dentro desa dinámica de mellora continúa, a unidade abriu unha liña de contactos con centros punteiros no diagnóstico e tratamento do cancro, entre os que se inclúen diversos institutos e hospitais de Estados Unidos, co fin de coñecer os seus sistemas de xestión e organización, con vistas a adaptar aqueles aspectos máis positivos do seu funcionamento.

No eido da investigación, ademais de participar, como en anos anteriores, en diversos programas de investigación e ensaios clínicos, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica iniciou en 2007 unha liña de cooperación científica co Norris Center Cancer Hospital, dependente da Universidade Sur de California, nun amplo estudo encamiñado a determinar a resposta de determinados grupos de poboación, con características xenéticas homoxéneas, entre os que se atopan os galegos, diante do tratamento contra diversos tipos de cancro.

É destacable tamén, no ámbito científico, a ampla participación dos profesionais da unidade, con preto dunha vintena de traballos, en forma de póster e comunicacións, no XIV Congreso Nacional da Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica (SEOR) que tivo lugar en Málaga no mes de outubro.



## UNIDADES CLÍNICAS

No seguinte cadro recóllese a evolución das actividades da Unidade de Oncoloxía Radioterápica con respecto aos anos anteriores.

### ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA

| Tratamentos finalizados     | 2005  | 2006  | 2007  |
|-----------------------------|-------|-------|-------|
| Teleterapia:                | 1.565 | 1.647 | 1.948 |
| Radiocirurxía esterotáxica: | 80    | 77    | 81    |
| Braquiterapia alta taxa     | 231   | 201   | 261   |
|                             | 2005  | 2006  | 2007  |
| Pacientes novos             | 2.195 | 2.349 | 2.466 |
| Radiocirurxía esterotáxica  | 110   | 102   | 104   |
| Teleterapia                 | 1.794 | 1.960 | 2.066 |
| Braquiterapia alta taxa     | 291   | 287   | 296   |
| Pacientes programados       | 2.113 | 2.275 | 2.372 |
| Pacientes urxentes          | 82    | 74    | 94    |
| Pacientes hospitalizados    | 425   | 491   | 610   |
| Pacientes ambulatorios      | 1.770 | 1.858 | 1.856 |

### INDICADORES TELETERAPIA

|                           | 2005   | 2006   | 2007   |
|---------------------------|--------|--------|--------|
| Sesións totais            | 37.547 | 39.547 | 47.645 |
| Pacientes totais          | 37.521 | 39.517 | 47.648 |
| Sesións/día               | 151,4  | 160,8  | 192,1  |
| Pacientes tratados/día    | 151,3  | 160,6  | 192,1  |
| Pacientes finalizados/día | 6,3    | 6,3    | 7,6    |
| Campos/paciente           | 3,31   | 3,50   | 3,45   |

Para o desenvolvemento desta actividade, a Unidade de Oncoloxía Radioterápica contou no ano 2007 co seguinte equipamento técnico:

- ▶ Acelerador lineal Elekta SL 75-5 de baixa enerxía.
- ▶ Acelerador lineal Elekta SL 18 multienerxético.
- ▶ Acelerador lineal multienerxético e multiláminas Siemens Primus Mevatron.
- ▶ Acelerador lineal multienerxético e multiláminas Siemens Oncor (a partir do mes de outubro).
- ▶ TAC espiral con sistema de simulación virtual Picker AcQSIM.
- ▶ Sistema de fusión de imaxes Picker.
- ▶ Sistema de planificación de teleterapia Plato.
- ▶ Sistema de imaxe portal Elekta SRI-100 (Para SL75).

- ▶ Sistema de imaxe portal J-View (Para SL18).
- ▶ Sistema de imaxe portal Siemens Beam-View (Para Primus).
- ▶ Sistema de imaxe portal Flat Panel (Para Oncor).
- ▶ Sistema de radiocirurxía estereotáxica Brainlab.
- ▶ Equipo de braquiterapia de alta taxa Micro-Selectron HDR de Nucletron.
- ▶ Sistema de planificación tridimensional XIO.
- ▶ Unha rede de comunicación para radioterapia LANTIS.
- ▶ Sistema cortador automático de moldes.
- ▶ Braquiterapia en tempo real Swift de Nucletron.

### ALOXAMENTO DE PACIENTES

Durante o ano 2007, un total de 49 persoas beneficiouse do sistema de aloxamento nun hotel establecido polo instituto para pacientes de oncoloxía radioterápica que teñen a súa vivenda moi lonxe de Vigo.

|                                   | 2005 | 2006  | 2007  |
|-----------------------------------|------|-------|-------|
| TOTAL ESTADÍAS EN HOTEL           | 832  | 1.279 | 1.014 |
| TOTAL PACIENTES ALOXADOS EN HOTEL | 86   | 118   | 49    |
| ESTANCIAS MEDIAS POR PACIENTE     | 9,67 | 10,84 | 20,69 |







DIVISIÓN DE  
CONSULTORÍA

DIVISIÓN DE CONSULTORÍA  
DIVISION DE CONSULTORIA





## DIVISIÓN DE CONSULTORÍA

A contribución máis importante ao volume de actividade da División de Consultoría durante o exercicio 2007 correspondeu aos informes técnicos de adjudicación solicitados polo Servizo Galego de Saúde así como polo propio Instituto Galego de Medicina Técnica. Durante este ano asesorouse na resolución de case medio centenar de concursos, cun volume económico superior aos 25 millóns de euros, e emitíronse máis de 300 informes de adjudicación.

Unha parte importante destes informes corresponden á avaliación de adquisición de alta tecnoloxía sanitaria segundo o recollido no Plan de Equipamento Tecnolóxico, elaborado na anualidade anterior para o Sergas. Dentro deste apartado é destacable o asesoramento na adquisición de tomógrafos Axiais computarizados multicorte, nun concurso que transformou radicalmente o nivel de dotacións dos centros do Sergas a este respecto, e elevou a esta comunidade a un dos niveis tecnoloxicamente máis altos dentro do territorio estatal, cun investimento global de arredor de sete millóns de euros.

En canto aos proxectos de priorización de investimentos en equipamento vinculados a plans directores de centros desenvolvidos pola División de Consultoría, realizáronse un total de 14 intervencións, das cales a máis significativa foi o comezo do plan de dotación do novo Hospital de Lugo, en concreto no que atinxe aos servizos de Medicina Nuclear, Radioterapia e Radiofísica e Esterilización. É salientable tamén a elaboración de diversos plans de dotación relativos a áreas cirúrxicas nos Complexos Hospitalarios Universitario de Santiago (Hospital de Conxo) e Universitario de Vigo (Hospital do Meixoeiro e Hospital Xeral-Cíes).

Polo que atinxe á elaboración de plans centralizados de equipamento, desenvolvéronse as fases diagnósticas de actualización de información tecnolóxica e bibliográfica e diagnóstico previo da base instalada, previas á elaboración do informe definitivo de inversión centralizada en ecógrafos, arcos cirúrxicos e incubadoras. Deste xeito, iniciouse o estudo do nivel de equipamento de partida, así como unha sondaxe das aspiracións e intereses dos profesionais que utilizan esa tecnoloxía, por medio dunha recollida de información escrita así como o inicio dun programa de reunións coas





## DIVISIÓN DE CONSULTORÍA

xerencias e os xefes de servizo implicados. Este plan rematarase e presentarase durante o ano 2008.

A División de Consultoría mantivo así mesmo a súa actividade de asesoramento técnico continuado emitindo informes relativos a todas aquelas cuestións concretas que a xestión do día a día dos distintos centros fose proponendo aos servizos centrais do Sergas.

### **APOIO ESPECIALIZADO Á SUBDIRECCIÓN XERAL DE OBRAS**

Durante todo o ano 2007, a División de Consultoría veu prestando ademais servizos dentro dunha nova liña de traballo de apoio técnico solicitada polo Servizo de Obras da Subdirección Xeral de Investimentos. Neste sentido, préstase asistencia tanto na área de arquitectura como na de enxeñaría, mediante estudos previos e informes para a supervisión de proxectos de obras; control da redacción de proxectos e execución de obras; elaboración de pregos e prescricións técnicas particulares precisos para a licitación de proxectos e/ou execución de obras; informes de adxudicación pre-

cisos nos citados procedementos de licitación; análise e estudo das diferentes opcións técnicas de instalacións eléctricas, mecánicas e de enerxía renovable que oferta o mercado, e a súa posible aplicación aos centros sanitarios.

Nesta área de actividade, realizáronse os seguintes traballos: 27 seguimentos de proxecto, 5 visitas a parcelas/edificios, 52 supervisións de proxectos, 6 informes de patoloxías, 3 programas de espazos, 16 seguimentos de obra, 8 seguimentos de redacción de proxecto e 9 informes de apoio.

### **RESUMO DE TRABALLOS**

#### **Adxudicación**

- ▶ Concurso centralizado radiocirúrxicos (adianto), AC-SER2-07-016.
- ▶ Concurso centralizado desfibriladores primaria, CC-SER2-07-33.
- ▶ Concurso centralizado Hemodinámica AC-SER2-07-018.
- ▶ Concurso centralizado Implantantes cocleares CC-SER1-07-028.





- ▶ Concurso centralizado litotricia CC-SER2-07-020.
- ▶ Concurso centralizado mamógrafos CC-SER2-07-019.
- ▶ Concurso centralizado monitores CC-SER2-07-023 y NG-SER2-07-031.
- ▶ Concurso centralizado portátiles CC-SER2-07-24.
- ▶ Concurso centralizado primaria dentais AC-SER2-07-015.
- ▶ Concurso centralizado respirador CC-SER02-07-025.
- ▶ Concurso centralizado salas RX CC-SER2-07-022.
- ▶ Concurso centralizado TACs 2006 CC-SER2-07-007.
- ▶ Concurso centralizado TACs 2007 CC-SER2-07-017.
- ▶ Concurso centralizado telemandos CC-SER2-07-21.
- ▶ Complexo Hospitalario Juan Canalejo, ULM\_Gimnasio de Rehabilitación, AC-SER-07-034 y AD.
- ▶ Complexo Hospitalario Juan Canalejo, Equipamento penitenciarios, Unidade de Custodiados.
- ▶ Complexo Hospitalario de Pontevedra Anxiógrafo e mobiliario clínico diverso.

- ▶ Complexo Hospitalario de Ourense, Fase I Plan Director anualidade 2007, AC-SER2-07-001 y AD.
- ▶ Complexo Hospitalario de Ourense, Fase I Plan Director anualidade 2007, AC-SER2-07-002 y AD.
- ▶ Complexo Hospitalario de Ourense, Mobiliario de hospitalización, AC-SER2-07-010.
- ▶ Complexo Hospitalario de Ourense, Guindastres piscina rehabilitación, AC-SER2-07-011.
- ▶ Complexo Hospitalario de Ourense, Andeis, armarios quirófanos e outros (ampliación), AC-SER2-07-032.
- ▶ Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Equipamento Complementario PACS, AC-SER2-07-028.
- ▶ Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Equipamento Electromédico e Mobiliario Clínico Consultas Xinecoloxía e Oftalmoloxía Hospital do Meixoeiro, AC-SER2-07-003, AC-SER2-07-004 e AD.
- ▶ Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Equipamento Electromédico e Mobiliario Clínico Consultas Externas Hospital do Meixoeiro, AC-SER2-07-008, AC-SER2-07-009 e AD.
- ▶ Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Equipamento Electromédico e Mobiliario Clínico UCMA Hospital do Meixoeiro, AC-SER2-07-029 e AC-SER2-07-030.



## DIVISIÓN DE CONSULTORÍA

► Complejo Hospitalario Universitario de Vigo, Equipamento Electromédico e Mobiliario Clínico REA Hospital Xeral-Cies, AC-SER2-07-012, NG-SER2-07-013, AC-SER2-07-014 y AD.

### Elaboración de pregos

- Concursos centralizados de plan de equipamento tecnolóxico (adianto arcos cirúrxicos, salas de hemodinámica, litotricias, mamógrafos, salas vasculares, tomografía axial computarizada, ortopan-tomógrafos, monitores, respiradores, telemandos, portátiles.
- Torre de Endoscopia para o Hospital da Costa.
- Concurso centralizado de Implantes Cocleares, concurso 2007 e concurso 2008-2009.
- Concursos centralizados de Atención Primaria de desfibriladores, retinógrafos e equipamento electromédico xeral.

### Priorización

- Complejo Hospitalario de Ourense, ampliación de hospitalización, mobiliario de almacenamento.
- Complejo Hospitalario Universitario Juan Canalejo, unidade de custodiados, Ximnasio de Rehabilitación da Unidade de Lesionados Medulares, Monitorización da área de críticos da Unidade de Lesionados Medulares, Unidade de Preingreso.
- Complejo Hospitalario Universitario de Santiago, Bloque Cirúrxico, Sala de Biopsias e área de lavado do Hospital de Conxo.

► Complejo Hospitalario Universitario de Vigo, Estacións Médicas de Visualización (complemento dotación PACS), UCMA do Hospital do Meixoeiro, Unidade de Reanimación, Bloque Cirúrxico e Área de Esterilización do Hospital Xeral-Cies.

► Complejo Hospitalario de Lugo, Novo Hospital de Lugo, servizos de Radioterapia, Medicina Nuclear e Esterilización.

### Informes varios

Realizáronse un total de vintecinco informes técnicos dentro dos que destacan, pola súa entidade e por estar relacionados coa totalidade dos centros SERGAS os seguintes:

- Introducción da mesa de estereotaxia dixital prona para o diagnóstico das lesións non palpables de mama na comunidade autónoma.
- Necesidades de litotricia en Galicia.

### Planes de inversións

- Plan de inversión en ecografía, arcos cirúrxicos e incubadoras.

### Informes realizados para o propio Instituto

- Pregos e informe de valoración da nova sala de hemodinámica (CI-001-07).
- Pregos e informe de valoración da nova gamma-cámara (MN-002-07).
- Pregos e informe de valoración da nova RM móbil (DIMOV-001-007).



# Cámara Quente





**SERVIZO DE  
RADIOFÍSICA**

SERVIZO DE RADIOFÍSICA  
SERVIZO DE RADIOFÍSICA



## SERVIZO DE RADIOFÍSICA E UNIDADE TÉCNICA DE PROTECCIÓN RADIOLÓXICA

Ao longo do ano 2007 o servizo de Física Médica tivo unha especial dedicación á posta en marcha de novas técnicas de tratamento na Unidade de Oncoloxía Radioterápica. No mes de maio tratouse o primeiro paciente mediante braquiterapia de alta taxa con doseimetría en tempo real, un sistema pioneiro na sanidade española co cal se consegue que as distribucións das radiacións sexan o máis axeitadas posible ao propio tumor e adaptadas ao instante para preservar os órganos sans.

Outro avance implantado no 2007 foi a intensidade modulada de dose en radioterapia (IMRT), una técnica coa que se regulan os feixes de radiación, pola que se acadan mellores resultados en certos tipos de patoloxías, ao aplicar maiores doses á lesión e menor aos órganos de risco.

Un ano máis realizouse unha auditoría europea externa da calibración dos aceleradores lineais pola



organización "Equal Extra", que concluíu que a calibración de fotóns e electróns nestes equipos alcanza o nivel óptimo.

Ao longo de 2007 realizouse o control de calidade dos equipos correspondentes a instalacións de radiodiagnóstico situadas en hospitais, centros de saúde, centros de especialidades e unidades de atención primaria de Galicia, no Hospital Pedro Hispano da localidade portuguesa de Matosinhos e nos hospitais Felipe II, Parcelso e Campo Grande de Valladolid. Neste último o Servizo de Física Médica elaborou os procedementos de traballo, fixo os cálculos de blindaxe e redactou a memoria necesaria diante do Consello de Seguridade Nuclear para acadar a autorización de posta en funcionamento do segundo acelerador lineal de electróns.

A unidade prestou ademais un conxunto de servizos adicionais como programas de formación en protección radiolóxica aos traballadores, asesoramento en riscos laborais, compras, deseños de novas instalacións, a xestión da doseimetría en complexos hospitalarios e unha maior presenza física de forma programada nos hospitais.





## SERVIZO DE RADIOFÍSICA



O asesoramento abarca ademais: cálculo de blindaxes, clasificación de traballadores expostos, clasificación de zonas, Informe de prendas de protección, control de traballadoras embarazadas, reunións para a implantación dos procedementos do PGC e resolución de calquera dubida en materia de protección radiolóxica que poida xurdir nos hospitais.

Así mesmo, continuou realizando as tarefas habituais de radiofísica na Unidade de Oncoloxía Radioterápica e desenvolveu os programas de garantía e control de calidade, e protección radiolóxica en Radiodiagnóstico, Medicina Nuclear e Radioterapia do Hospital do Meixoeiro e dos centros de saúde asociados. Tamén seguiu coa asistencia ao Hospital Universitario São João do Porto no ámbito da medicina nuclear, conseguindo o licenciamiento desta unidade.

De acordo coa Consellería de Industria, durante o ano 2007 realizouse un exhaustivo labor de identificación e actualización do rexistro de todo o equipamento de raios X, co fin de eliminar posibles desaxustes entre a base de datos da Consellería e o equipamento real dos hospitais.

A presenza programada nos complexos hospitalarios, resultou moi eficaz para establecer un contacto continuo cos departamentos de prevención de riscos laborais, departamentos de calidade e xerencia, afianzando o labor de asesoramento en protección radiolóxica, e permitiu implantar e mellorar procedementos do programa de garantía de cali-

dade cunha maior participación do cliente, necesaria para o éxito na implantación do mesmo.

A xestión da dosemetría en complexos hospitalarios implantada en anos anteriores segue mellorándose grazas a esta maior presenza nos hospitais e o conseguinte establecemento dos procedementos adecuados.

A adquisición polos hospitais de novos sistemas de imaxe baseados na tecnoloxía dixital, supuxo un esforzo por parte do persoal de radiofísica en protección radiolóxica na implantación dos protocolos para adaptarse as novas tecnoloxías, baseados en textos legais e referendados por sociedades internacionais. Isto implicou unha nova filosofía en canto a protección radiolóxica que afectou a realización dos controis de calidade.

### ACTIVIDADE DA UTPR

Actuacións de protección radiolóxica e radiofísica hospitalaria por parte da Unidade Técnica de Protección Radiolóxica no ano 2007.

|  | 2006 | 2007 |
|--|------|------|
| Controis de calidade   | 403  | 462  |
| Medicións de niveis de radiación                                   | 159  | 187  |
| Medicións de doses a pacientes                                     | 212  | 212  |
| Seminarios de formación  | 15   | 14   |
| Saídas para control de calidade de negatoscopios e cuartos escuros | 40   | 40   |







**RECURSOS  
HUMANOS**

RECURSOS HUMANOS  
RECURSOS HUMANOS



## RECURSOS HUMANOS

Un dos aspectos máis salientables do ano 2007 no eido dos recursos humanos foi o inicio do proceso de integración do persoal do instituto no réxime estatutario. Dentro deste exercicio produciuse a publicación no Diario Oficial de Galicia do Decreto 91/2007, de 26 de abril, unha normativa de carácter xeral para todas as institucións afectadas, que daría paso, o 10 de outubro, á publicación da Orde do 20 de setembro de 2007, que se ocupa especificamente do proceso de integración do persoal do Instituto Galego de Medicina Técnica.

### EVOLUCIÓN DO CADRO DE PERSOAL

No ano 2007, o cadro de persoal medio do instituto situouse en 317 persoas, fronte as 284 que desenvolveron a súa actividade no ano anterior, o que supuxo un incremento global do 12% no número de traballadores o cadro estrutural da empresa, o que está formado por traballadores indefinidos e interinos en praza bacante, creceu en 25 persoas, o que representa un aumento dun 11%. Este crecemento dos recursos humanos debeuse a diversos factores, entre os que figuran o reforzo dos cadros de persoal das diferentes unida-

des e a necesidade de dotar de profesionais a novas actividades como a resonancia magnética instalada no Hospital do Meixoeiro.

No crecemento do cadro estrutural do 2007 hai que contabilizar tamén a conversión en interinos de diferentes postos creados a finais do exercicio anterior con carácter non estrutural para cubrir novas actividades, como a primeira resonancia magnética móbil e a instalación do cuarto acelerador lineal na unidade de Oncoloxía Radioterápica.

Neste período volveu avanzarse no obxectivo de darlle ao cadro de persoal a meirande estabilidade, como o demostra o incremento do número de contratos indefinidos, que creceu un 11,7%, de forma que pasou dos 195 aos 218 contratos. De feito, para cubrir as necesidades laborais do instituto, no ano 2007 realizáronse dous procesos de selección de persoal indefinido e seis procesos de selección de persoal temporal. No primeiro, fíxose unha oferta pública de emprego, con 16 prazas de diferentes categorías, e un proceso para incorporar un novo cardiólogo, mentres que para a provisión de postos de traballo temporal se realizaron procesos de selección de especialistas en radiodiagnóstico, cardioloxía, oncoloxía radioterápica, radiofísica hospi-





talaria, radiofarmacia e de titulados superiores consultores.

### ESTRUTURA DO CADRO DE PERSOAL

A distribución do cadro de persoal polas distintas unidades mantivo unha estrutura semellante á de anos anteriores. Nas unidades asistenciais instaladas no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo desenvolveron o seu labor no ano 2007 un total de 231 persoas; outras 37 corresponden á estrutura central, 21 persoas traballan no Servizo de Radiofísica e Unidade Técnica de Protección Radiolóxica, 14 forman parte da División de Consultoría, 9 integran o cadro de persoal da Unidade de Medicina Nuclear de Ourense e 3 están adscritas á Unidade de Radiofármacos PET Galicia.

O cadro de persoal medio do instituto formábase a 31 de decembro de 2007, 47 especialistas, 26 licenciados non sanitarios, 78 diplomados en enfermería, 4 diplomados non sanitarios, 54 técnicos, 7 oficiais administrativos, 37 auxiliares de clínica, 53

auxiliares administrativos e persoal de servizos xerais e 10 celadores.

Os recursos humanos do instituto manteñen no ano 2007 una proporción por sexos semellante á de exercicios anteriores, cun 71% de mulleres e un 29% de homes, e tamén unha idade media situada en 33 anos.

### FORMACIÓN

Un ano máis, o instituto mantivo o seu compromiso coa formación, como aspecto estratéxico dentro do sistema de calidade da organización. No exercicio 2007 realizáronse 169 accións formativas, nas que participaron 521 alumnos, cun cómputo total de 7.060 horas de formación. O tempo de formación impartida, tendo en conta o número global de alumnos que as recibiron, elevouse a 18.015 horas.

O 60% dos participantes nas iniciativas de formación corresponde á categoría de persoal sanitario non facultativo, un 23% dos asistentes encádrase


RECURSOS HUMANOS




no persoal non sanitario, e o 17% pertence a categoría de persoal facultativo.

As accións formativas experimentaron un notable incremento con respecto ao ano 2006, cun crecemento do 7,64% en canto a número de cursos, e dun 18,21% no número de alumnos que se beneficiaron desas accións.

Na seguinte gráfica recóllese a estrutura do cadro de persoal no ano 2007.



Gráfica de evolución do cadro de persoal do instituto.



Na evolución do cadro de persoal do instituto mantense a tendencia ao crecemento

Tipos de contratos de traballo

CLASIFICACIÓN

|              | 2004       | 2005       | 2006       | 2007       |
|--------------|------------|------------|------------|------------|
| Indefinidos  | 170        | 193        | 195        | 218        |
| Interinos    | 31         | 16         | 23         | 25         |
| Eventuais    | 24         | 24         | 27         | 22         |
| Substitutos  | 30         | 44         | 39         | 52         |
| <b>TOTAL</b> | <b>255</b> | <b>277</b> | <b>284</b> | <b>317</b> |







**FORMACIÓN**

Evolución das actividades formativas nos últimos sete anos

| Ano  | Curso |
|------|-------|
| 2001 | 118   |
| 2002 | 114   |
| 2003 | 117   |
| 2004 | 150   |
| 2005 | 155   |
| 2006 | 156   |
| 2007 | 169   |



Horas de formación (por estamento)







# XESTIÓN DA CALIDADE E SISTEMAS DE CONTROL

CALIDADE E SISTEMAS DE CONTROL  
CALIDADE E SISTEMAS DE CONTROL





## XESTIÓN DA CALIDADE E SISTEMAS DE CONTROL

No ano 2007 o instituto seguiu avanzando no desenvolvemento do seu plan de calidade, que inclúe tres liñas fundamentais de actuación:

- ▶ O uso de ferramentas recoñecidas de acreditación e avaliación da súa activade.
- ▶ A utilización de instrumentos internos propios para impulsar e avaliar a calidade.
- ▶ O emprego de mecanismos para coñecer a percepción da calidade por parte de usuarios e clientes.

### ACREDITACIÓN ISO 9001:2000

No ano 2007 foi renovada a certificación externa ISO 9001/2000 das Unidades de Diagnóstico por Imaxe, Medicina Nuclear e Oncoloxía Radioterápica así como a da Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), Servizo de Radiofísica Hospitalaria e División de Consultoría.

A obtención do certificado ISO é o resultado dun amplo proceso de estandarización e protocolización de todo o traballo que desenvolven as unidades, no que participan activamente tanto os propios profesionais como os servizos xerais do instituto que prestan apoio ás diferentes actividades da institución.

### AVALIACIÓNS DO DESEMPEÑO

Ao longo do ano 2007 o instituto realizou dúas avaliacións do desempeño do seu persoal. Este instrumento interno de calidade consiste en que cada profesional da institución avalíe, co seu superior xerárquico, como foi o desenvolvemento do seu labor, e analice o cumprimento dos obxectivos de traballo pactados para ese período.

Nestas avaliacións tanto o traballador como o seu responsable inmediato expresan tamén as iniciativas de formación e de desenvolvemento profesional que consideran necesarias para mellorar a actividade.





#### CONTROIS POR PARTE DE ORGANISMOS PÚBLICOS

Polo seu carácter de empresa pública, o instituto sométese a controis e auditorías por parte de organismos oficiais, diante dos que lle corresponde observar o estricto cumprimento de todos os requisitos legais no desenvolvemento do seu labor. Este sistema de control externo tamén representa un factor de garantía de calidade das súas actividades.

#### ORGANISMOS AUDITORES E DE CONTROL

**Consello de Contas:** a función fiscalizadora deste organismo comprende, entre outros aspectos, a actividade económico-financieira e contable do instituto e a xestión dos recursos humanos.

**Intervención Xeral:** o instituto sométese a auditorías periódicas da Intervención Xeral e comunícalle trimestralmente a situación das súas contas, os contratos de obras e subministracións, contratos de persoal e contratos de activos e pasivos financeiros, entre outros apartados da súa xestión económica.

**Auditoría externa das contas anuais:** anualmente, como en calquera empresa de certa entidade, son revisadas as contas do instituto por unha firma de auditores que emite un informe e verifica o cumprimento en todos os aspectos do patrimonio e situación financeira do instituto.





# ENQUISAS DE SATISFACIÓN

ENQUISAS DE SATISFACIÓN  
ENQUISAS DE SATISFACIÓN



## ENQUISA DE SATISFACCIÓN AOS PACIENTES

Dentro dos programas de calidade da institución, e co obxectivo de coñecer o grao de satisfacción cos diferentes servizos que presta o instituto, tanto no eido asistencial como no de consultoría, radiofísica e protección radiolóxica, esta organización realiza periodicamente enquisas a diferentes grupos de usuarios e clientes.

Nesta liña de actuación, no ano 2007 realizouse unha nova enquisa xeral aos pacientes, co fin de coñecer o seu grao de satisfacción coa atención recibida.

### PRINCIPAIS RESULTADOS DA ENQUISA


Máis dun 98% dos pacientes móstranse satisfeitos coa atención recibida.

Na enquisa aos usuarios, correspondente ao ano 2007,ponse de manifesto que un 98,3% dos pacientes do instituto quedaron satisfeitos, dun modo global, coa atención recibida nas unidades asistenciais. Na enquisa de 2005, a cifra de satisfacción global situárase nun 96,6%.

Por Unidades, esta valoración positiva foi expresada polas seguintes porcentaxes de usuarios:

| Unidade                      | Nivel de satisfacción Ano 2007 |
|------------------------------|--------------------------------|
| Cardioloxía Intervencionista | 97,0%                          |
| Cirurgía Cardíaca            | 98,0%                          |
| Diagnóstico por Imaxe        | 98,0%                          |
| Medicina Nuclear de Vigo     | 98,6%                          |
| Medicina Nuclear de Ourense  | 99,3%                          |
| Oncoloxía Radioterápica      | 99,3%                          |

Gráfico extraído do estudo, no que se amosa o grao de satisfacción coa atención recibida, nos anos 2005 e 2007.






**VALORACIÓN GLOBAL DO INSTITUTO E DAS UNIDADES ASISTENCIAIS.**

Nunha escala do 1 ao 10, os pacientes consultados nesta enquisa déronlle ao instituto unha valoración global de 8,38 puntos, mentres que por unidades, as cualificacións máis elevadas lle corresponden á Cirurxía Cardíaca, con 9,18 puntos; Cardioloxía Intervencionista, con 8,88 puntos e Oncoloxía Radioterápica, con 8,89 puntos. Obtiveron unha valoración lixeiramente inferior Diagnóstico por Imaxe, con 8,01 puntos, Medicina Nuclear de Ourense, con 8,71 puntos, e Medicina Nuclear de Vigo, con 8,48 puntos.

Gráfico coa puntuación global que os pacientes dan ao instituto nunha escala do un ao dez.



**O TRATO, UN DOS ASPECTOS MELLOR VALORADOS**

Entre os aspectos mellor valorados polos usuarios figura o do trato que lles proporcionou o persoal do instituto. Na Unidade de Cirurxía Cardíaca o 99% dos pacientes consultados mostráronse satisfeitos co trato que recibiron do persoal médico, mentres que o 95,1% valoraron positivamente o trato que lles dispensou o persoal de enfermaría e o persoal non asistencial.

Valores tamén moi altos obtéñense na Unidade de Oncoloxía Radioterápica, na que o 99,3% dos pacientes considera satisfactorio o trato que lle proporcionaron os médicos, mentres que o 93,5% valora dun modo igualmente positivo o trato que lle dispensou o persoal de enfermaría e un 98,6% o que recibiu do persoal non asistencial.

Cifras semellantes repítense na Unidade de Cardioloxía Intervencionista, na que o trato dispensado aos pacientes por parte do persoal médico, persoal de enfermaría e persoal non asistencial obteñen valoración positivas por parte do 96,3%, o 96,3% e o 98% dos pacientes, respectivamente.

En cotas igualmente excelentes sitúanse tamén as valoracións dos pacientes sobre o trato que recibiron nas unidades de Diagnóstico por Imaxe, Medicina Nuclear de Vigo, e Medicina Nuclear de



Ourense, aspecto do que se mostran satisfeitos o 98%, o 100% e o 98% dos usuarios consultados, respectivamente.

**CONFIANZA NOS PROFESIONAIS**

A enquisa aos pacientes revela tamén un alto grao de confianza nos profesionais do instituto, un aspecto que chega aos niveis máis satisfactorios cando se trata de valorar ao persoal médico e de enfermaría.

Na Unidade de Oncoloxía Radioterápica, estes dous colectivos profesionais reciben mostras de confianza por parte do 97,4% e o 97,5% dos pacientes respectivamente, mentres que na Unidade de Cirurxía Cardíaca expresan a súa confianza tanto nos médicos coma no persoal de enfermaría o 97,3% dos pacientes consultados. Estas cifras sitúanse en 96,3% e 96,2%, á hora de valorar a confianza no persoal médico e no de enfermaría na Unidade de Cardioloxía Intervencionista.

Entrementres, nas unidades de Diagnóstico por Imaxe, Medicina Nuclear de Vigo e medicina Nuclear de Ourense aprécianse valoracións de confianza co equipo profesional expresados polo 90,6%, o 96,5% e o 96,3% dos pacientes respectivamente.

**DEDICACIÓN, RESPECTO E SENSACIÓN DE SEGURIDADE**

Noutro dos apartados da consulta, abórdase un conxunto de aspectos relacionados directamente coa atención, o primeiro dos cales é a valoración do tempo que lle dedican os profesionais aos usuarios. Dun modo global, o 96,8% dos pacientes do instituto consideran que o persoal que os atendeu lles dedicou o tempo necesario, cifra que sobe ata o 97,8% dos usuarios no caso das unidades de Oncoloxía Radioterápica e Cardioloxía Intervencionista; ata o 97,4% na de Diagnóstico por Imaxe e ata o 95,8% na de Medicina Nuclear de Vigo.

Por outra banda, o 98,8% dos usuarios das unidades de Medtec aseguran que lles foi respectada en todo momento a súa intimidade, cifra que se sitúa no 100% dos consultados no caso concreto da Unidade de Cardioloxía Intervencionista.

Polo que atinxe as sensacións que lles produciu a tecnoloxía de que dispón Medtec, o 70,9% dos pacientes din que se sentiron seguros cos aparatos con que foron explorados ou tratados e o 14% manifestan que se sentiron «moi seguros», o que produce globalmente un 84,9% de persoas que tiveron sensación de seguridade durante o seu paso polas unidades do instituto.






### COORDINACI3N COS ESPECIALISTAS DO SERGAS

A enquisa tam3n permite co3necer a percepci3n que os pacientes te3en da comunicaci3n e a relaci3n existente entre os m3dicos especialistas que os remitiron ao instituto para someterse a probas ou tratamentos e os profesionais desta entidade.

Neste apartado, o 76% dos pacientes considera que a comunicaci3n entre o m3dico especialista do Sergas que o derivou 3 a unidade e o persoal de Medtec foi «boa» ou «moi boa», mentres que un 13,4% se expresa en termos negativos.

Representaci3n gr3fica das opini3ns acerca da «coordinaci3n».



### INFORMACI3N AOS PACIENTES

A informaci3n facilitada ao paciente 3 outra das dimensi3ns relevantes nos estudos de calidade asistencial. Nesta enquisa pregunt3uselles aos pacientes pola informaci3n recibida dende unha tripla perspectiva: en relaci3n coas caracter3sticas e eventuais riscos dos procedementos ou probas realizadas, a relativa 3 evoluci3n da enfermidade e, s3 entre os pacientes de Cirurx3a Card3aca, 3 informaci3n sobre a evoluci3n da enfermidade.

O 83,6% dos usuarios confirma que recibiu informaci3n relativa 3s caracter3sticas e eventuais riscos dos procedementos ou probas. Na inmensa maior3a destas ocasi3ns esa informaci3n, ademais, foi suficiente -a3nda que, volvendo falar do total de pacientes, un 6,3% non se mostra plenamente satisfeito neste sentido-.

No apartado sobre os coidados de sa3de tras a asistencia, visto de forma global, o 84,7% dos usuarios do Instituto aseguraron recibir informaci3n abondo, mentres que o 7,4% afirman non recibir informaci3n ningunha e un 3% que non a precisaba.


Aos usuarios da Unidade de Cirurx3a Card3aca pregunt3uselles de xeito especifico pola informaci3n que recibiron sobre a evoluci3n da s3a enfermidade. Os resultados da enquisa indican que practicamente todos os pacientes foron correctamente





informados e que os que non recibiron información foi por que non a precisaban, algo que sucedeu no 3,9% dos casos.

Representación gráfica da valoración que fan os pacientes de Cirurxía Cardíaca sobre a información recibida sobre a evolución da enfermidade



**OUTROS ASPECTOS VALORADOS NA ENQUISA**

**CONFORT**

A comodidade das instalacións é outro dos principais indicadores da calidade dun servizo sanitario. Neste sentido, un 87% das persoas entrevistadas móstrase satisfeito con esta dimensión da asistencia, aínda que a maior parte das respostas se con-

centra na categoría que cualifica as instalacións como «bastante confortables». En calquera caso, un 11,8% valora as instalacións de forma negativa.

**SATISFACCIÓN SEGUNDO EXPECTATIVAS**

Máis da metade das persoas entrevistadas, concretamente un 57,3%, considera que a atención recibida resultou ser “como esperaba» e un 41,7% opina que foi «mellor» ou «moito mellor».

O maior grao de satisfacción detéctase en Oncoloxía Radioterápica e Cirurxía Cardíaca, pois ascende ata un 58,3% e un 57,9%, respectivamente, a porcentaxe de persoas para as que a atención recibida foi «mellor» ou «moito mellor» da que esperaba. Por outro lado, Diagnóstico por Imaxe é a Unidade onde se observa a porcentaxe máis elevada de usuarios para os que a atención foi «como esperaba», concretamente un 67,3%.

**TRATO AOS FAMILIARES**

Un 67% dos pacientes atendidos no instituto consideran que os seus familiares recibiron unha atención axeitada, cifra que se eleva ao 98% na Unidade de Cirurxía Cardíaca, ao 94% na de Cardiología Intervencionista e ao 80,6% na de Oncoloxía Radioterápica. Os valores máis baixos obsérvanse nas unidades de Diagnóstico por Imaxe, Medicina Nuclear de Vigo e Medicina Nuclear de Ourense, onde o trato aos familiares recibe as respostas satisfactorias do 52,9%, 71,3% e 41,4% dos pacientes consultados respectivamente.





**ASPECTOS DE MELLORA**

Unha das cuestións máis importantes que cómpre considerar neste estudo é a das propostas de mellora respecto das distintas vertentes de asistencia prestada no instituto

Arredor de 7 de cada 10 usuarios non tiñan ningunha proposta neste sentido, de xeito que apenas un 27% sinalou algún aspecto susceptible de mellora.

O maior nivel de propostas de mellora detéctase entre os pacientes atendidos na Unidade de Diagnóstico por Imaxe, cun 34%; mentres que o índice de suxestións máis reducido se sitúa en Medicina Nuclear de Ourense, cun 12,9%. Se se ordenan as Unidades Asistenciais segundo a porcentaxe de casos nos que se suxiren melloras, quedarían do xeito que segue: Diagnóstico por Imaxe, Medicina Nuclear de Vigo, Cardiología Intervencionista, Cirurxía Cardíaca, Oncología Radioterápica e Medicina Nuclear de Ourense.

No seguinte cadro recóllese a distribución porcentual dos aspectos que os pacientes propoñen que sexan mellorados:



# Y LOS PACIENTE





# ACTIVIDADE CIENTÍFICA

ACTIVIDADE CIENTÍFICA  
ACTIVIDADE CIENTÍFICA



## ACTIVIDADE CIENTÍFICA

Na liña de exercicios anteriores, ao longo do ano 2007, os profesionais do Instituto Galego de Medicina Técnica desenvolveron arredor dun cento de traballos de carácter científico, en forma de publicacións, relatorios, comunicacións e ensaios clínicos, ademais de participaren en 169 cursos, nos que recibiron máis de sete mil horas de formación.

En 2007 o instituto volveu actuar como entidade anfitriño de congresos e xuntanzas de relevancia internacional, como o Symposium de Cirurxía da Raíz Aórtica e Disección Aórtica que se celebrou en Baiona o 21 de setembro.

Por outra banda, a Unidade de Cardiología Intervencionista, como parte integrante da Área de Cardiología do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, participou na organización das Primeiras Xornadas de Prevención e Educación en Saúde Cardiovascular, que se desenvolveron en Vigo durante os días 28, 29 e 30 de setembro, baixo o lema «Vigo con Corazón». Este evento tiña por obxecto aumentar o nivel de educación en saúde

cardiovascular da poboación, divulgar o control dos factores de risco cardiovascular e orientar aos cidadáns sobre os síntomas e opcións de tratamento das principais enfermidades cardiovasculares.

O programa incluíu a instalación de tres carpas no centro da cidade, nas que se desenvolveron actividades informativas de prevención, ademais de ofrecer aos cidadáns a posibilidade de someterse a toda unha serie de probas básicas e de coñecer ao mesmo tempo os medios que se mobilizan en Galicia para a atención urxente de pacientes con infarto. Dentro das xornadas realizáronse unha serie de charlas por parte de cardiólogos, dirixidas á poboación en xeral, e como colofón organizouse unha marcha cardiosaudable polo centro da cidade.

Durante o ano 2007 as unidades asistenciais do instituto participaron no desenvolvemento de 14 ensaios clínicos nos que se corroboraron os beneficios terapéuticos do emprego de novas técnicas e produtos farmacolóxicos.

Así mesmo, o instituto, ademais de promover e apoiar a participación dos seus profesionais en foros






científicos, puxo os medios necesarios para que dentro da propia organización se desenvolvese un importante labor docente derivado de diversos acordos de cooperación con institucións universitarias.

No ano 2007, estudantes dos últimos cursos da Facultade de Física, así como alumnos de Escolas Universitarias de Enfermería e da Escola de Técnicos Superiores en Radioterapia adquiriron formación teórico-práctica nas unidades clínicas, tutelados polos facultativos e radiofísicos do Instituto. Tamén é de destacar no ámbito da docencia a participación dos profesionais desta institución como profesores en programas de doutoramento.

Entre as iniciativas docentes máis salientables desenvolvidas no instituto, hai que citar de novo a organización, por parte da Unidade de Cardiología Intervencionista, durante o ano 2007, no Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, de trinta seminarios de formación continuada nos que se abordaron os principais aspectos da cardiología actual.



Resumo de iniciativas científicas desenvolvidas polas unidades do instituto ao longo do ano 2007

|  | Cirurxía Cardíaca | Cardiología Intervencionista | Medicina Nuclear Vigo e Ourense | Diagnóstico por Imaxe | Radioterápica | Oncología Radiofísica | Total |
|--|-------------------|------------------------------|---------------------------------|-----------------------|---------------|-----------------------|-------|
| Proxectos de investigación                       |                   |                              |                                 | 1                     |               |                       | 1     |
| Publicacións científicas                         | 1                 | 14                           | 6                               | 3                     |               |                       | 24    |
| Relatorios e comunicacións en congresos          | 8                 | 3                            | 15                              | 14                    | 21            | 4                     | 65    |
| Ensaio clínicos                                  |                   | 12                           |                                 | 4                     | 7             |                       | 23    |
| Premios e nominacións                            | 1                 |                              |                                 |                       |               |                       | 1     |
| Organización de congresos e reunións científicas | 1                 | 4                            |                                 | 1                     |               | 1                     | 7     |



## UNIDADE DE CIRURXÍA CARDÍACA

### PUBLICACIÓNS

Pereira J., Diz C., Mayo M., Pradas G., Muñoz M. **Intraoperative cell salvage with cell saver 5 reduces allogenic transfusion requirements in cardiac surgery.** Revista: Transfusion Alternatives in Transfusion Medicine 9. Cita bibliográfica: (Suppl. 1), 45; 2007.

### COMUNICACIÓNS

Pereira J., Diz C., Mayo M., Pradas G., Muñoz M. **intraoperative cell salvage with cell saver 5 reduces allogenic transfusion requirements in cardiac surgery.** Poster. 8th Annual NATA Symposium.

Casais R., Asorey V., Casquero E., Yas S., Piñón M., Legarra J.J., Durán D., Pradas G. **Conducto ápico-aórtico: una alternativa en el tratamiento quirúrgico de la estenosis aórtica severa con aorta de porcelana.** Congreso de las Enfermedades cardiovasculares. SEC 2007. Madrid, 18-20 de outubro de 2007.

Casais R., Asorey V., Casquero E., Yas S., Piñón M., Legarra J.J., Durán D., Pradas G. **Resultados a**

**largo plazo del tratamiento quirúrgico de la endocarditis infecciosa activa.** Congreso de las enfermedades cardiovasculares. SEC 2007. Madrid, 18-20 de outubro de 2007.

Asorey V., Casais R., Durán D., Bellieni L., Yas S., Piñón M., Legarra J.J., Casquero E., Pradas G. **La ampliación del anillo aórtico: ¿es una técnica segura?** Congreso de las enfermedades cardiovasculares. SEC 2007. Madrid, 18-20 de outubro de 2007.

### CONFERENCIAS

Pradas G. **Una tormenta de ideas sobre aorta.** Panel de discusión: II Reunión del Grupo de trabajo de Patología de Aorta. Sevilla, 15 xuño de 2007.

Pradas G. **Procedimiento de ross. experiencia en adultos jóvenes. Sesión 3: Autoinjerto pulmonar.** II Symposium de Cirugía de la Raíz y Disección Aórtica. Baiona, 21 de setembro de 2007.

Pradas G. **Reemplazo valvular aórtico percutáneo. prótesis quirúrgica. Visión del cirujano.** V Curso Internacional Teórico-Práctico de Terapia Endovascular & Miocárdica. TEAM 2007. 28-30 de novembro de 2007. Hotel Meliá Castilla. Madrid.





Pradas G. **Procedimiento de ross. experiencia en adultos jóvenes.** Programa Anual "Jóvenes Valores". St. Jude Medical. Tercer Módulo. Seminario: Comunicación y nuevas tecnologías aplicadas a la cirugía cardíaca. Policlínica Gipúzkoa. Donosti. 29-30 de novembro de 2007.

#### PREMIO Á MELLOR COMUNICACIÓN ORAL

**Sanmartín M, Baz J.A., Durán D e Pradas G.** Comparación entre stents recubertos e cirurxía no tratamento da enfermidade do tronco común esquerdo. Analízase o resultado dos pacientes con lesión no TCI tratados da forma clásica (cirurxía) comparado co tratamento percutáneo (stent). Primeiro premio á mellor comunicación oral. Reunión científica anual da Sociedade Galega de Cardioloxía, "Cardioloxía 2007". Baiona, 22 e 23 de xuño de 2007.

#### PARTICIPACIÓN DA UNIDADE EN EVENTOS INTERNACIONAIS

87th Annual Meeting of the American Association for Thoracic Surgery. Washington Convention Center. Washington, D.C. 5-9 maio de 2007.

Valvular Heart Disease 2007. Sheraton Chicago Hotel & Towers. Chicaco, IL. USA. 7-9 setembro de 2007.

Surgery of the Thoracic Aorta. Fourth postgraduate Course. Bologna, Italia. 19 e 20 de novembro de 2007.

V Curso Internacional Teórico-Práctico de Terapia Endovascular & Miocárdica. TEAM 2007. Hotel Meliá Castilla. Madrid. 28-30 de novembro de 2007.

#### ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS E REUNIÓN CIENTÍFICAS

**II Symposium de Cirugía de la Raíz y Disección Aórtica.** Celebrouse no Parador Conde de Gondomar de Baiona o 21 de setembro de 2007 e tivo como obxectivo fundamental afondar na ampla variedade de posibilidades cirúrxicas coas que afrontar a patoloxía aórtica, e en especial a da raíz aórtica e a da disección da aorta.

Este encontro, que reuniu a máis dun cento de especialistas en cirurxía cardíaca de toda España, contou coa participación de máis de vinte relatores de renome internacional que desenvolven a súa actividade cirúrxica e científica en centros asistenciais de Estados Unidos, Alemaña, Holanda, Italia e España.

No simposio expuxéronse os últimos avances na cirurxía da raíz aórtica, tendentes a conservar e mellorar o estado da válvula aórtica e do resto da estrutura desa zona do corazón, e a evitar substituíla por próteses mecánicas ou de orixe animal, rebaixando así a necesidade de medicación posterior ademais de eludir a perspectiva de ter que reintervir ao paciente ao cabo dunha década.





## UNIDADE DE CARDIOLOXÍA INTER- VENCIONISTA

### PUBLICACIÓNS EN REVISTAS CIENTÍFICAS NACIONAIS

Sanmartín M., Pereira B., Rúa R., Vázquez S., Hervert F., Baz J.A., Iñiguez A. **Seguridad del cateterismo diagnóstico transradial en pacientes con anticoagulación crónica con derivados de la warfarina.** Revista Española de Cardiología. Cita bibliográfica: Rev Esp Cardiol. 2007 Sep;60(9):988-91.

Sanmartín M., Baz J.A., Claro R., Asorey V., Durán D., Pradas G., Iñiguez A. **Comparison of drug-eluting stents versus surgery for unprotected left main coronary artery disease.** Am J Cardiol. 2007 Sep 15;100(6):970-3.

Sanmartín M., Gomez M., Rumoroso J.R., Sadaba M., Martinez M., Baz J.A., Iniguez A. **Interruption of blood flow during compression and radial artery occlusion after transradial catheterization.** Estudio multicéntrico en que se estuda a evolución do acceso radial tras a realización dun procedemento por esta vía. Catheter. Cardiovasc. Interv. 2007 Aug 1;70(2):185-9.

Sanmartín M., Baz J.A., Lozano I., de la Torre J.M., Hernández J.M., Bordes P., Mainar V., Mauri J., Iñiguez A. **One-year results of unprotected left main disease treatment with paclitaxel-eluting stents: results of a Multicenter registry.** Registro multicéntrico de pacientes con lesión no TCI, tratados con stentTaxus. Catheter Cardiovasc Interv. 2007 Feb 15;69(3):372-7.

Baz J.A., Mauri J., Albarrán A., Pinar E. **Registro Español de Hemodinámica y Cardiología Intervencionista. 16 informe Oficial. 1996-2006.** Artigo que fai referencia á actividade en cardiología Intervencionista realizada en 2006 en España coas comparacións dentro do estado español e con Europa. Revista Española de Cardiología; Cita bibliográfica: Rev Esp Cardiol. 2007 Dec; 60(12):1273-89.

Sanmartín M., Pereira B., Rúa R., Vázquez S., Hervert F., Baz J.A., Iñiguez A. **Seguridad del cateterismo diagnóstico transradial en pacientes con anticoagulación crónica con derivados de la warfarina.** Estudio dos pacientes con anticoagulación oral aos que se lles realiza a coronariografía sen suspender o tratamento anticoagulante. Revista Española de Cardiología; Cita bibliográfica: Rev Esp Cardiol. 2007 Sep;60(9):988-91.



## ACTIVIDADE CIENTÍFICA

